



▯▯ nicolás vida ▯ ferro ▯▯ .

O filósofo Luís García Soto, actual decano da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela (USC), foi o gañador da XIX edición do Premio Carvalho Calero de ensaio que organizan a asociación cultural Medulio e o a Concellería de Cultura de Ferrol. O texto de García Soto, titulado “O labirinto da saudade”, impúsoxe por unanimidade a outros seis traballos dos que o xurado quixo destacar cun accésit –algo insólito no premio– a obra “Dos arquivos xeométricos de Rafael Dieste”, de Xosé Díaz Díaz.

Ficando deserto novamente o premio de creación literaria, o de ensaio queda como referente do certame literario que lembra a figura do profesor e escritor ferrolán Ricardo Carvalho Calero. Nesta oportunidade o seu gañador, nacido na Coruña en 1956, é doutor en Dereito e Filosofía polas universidades Autónoma de Madrid e a USC, respectivamente. Nesta última é o actual decano da Facultade de Filosofía. Ten publicado varios ensaios sobre Barthes, Aristóteles ou bioética, entre outros.

conexións co budismo

Nada máis coñecerse o resultado do certame, o profesor García Soto lembrouse de Carvalho Calero, a quen coñeceu persoalmente. “Ata o punto de que foi el mesmo, pouco antes de falecer no ano 90, quen me recomendou que me presentase ao premio. Tardei uns anos en facerlle caso, pero ao final fíxenllo”, comenta.

En canto ao traballo galardoado, “O labirinto da saudade”, explica Luis García: “A obra céntrase no tema da saudade desde varias perspectivas. Sendo pequeno entendía ben o asunto da morriña, pero coa saudade tiña máis dificultades. Así que fun poñendo en papel a miña experiencia persoal. Paralelamente, analizo o tema desde un punto de vista ensaístico puro, con referencias literarias, filosóficas ou pictóricas, con citas de Ramón Piñeiro, Torres Queiruga, Teixeira de Pascoaes, Pondal ou incluso cito o ‘Teño saudade’ de Andrés Bobarro. Hai algo curioso, o filósofo portugués Paulo Borges falaba hai pouco das conexións da saudade co budismo. Pois ben, xa Carvalho Calero na ‘Historia da literatura galega’ dos anos

---

70 escribía acerca desta interesante conexión”.

Un dos aspectos destacados polo xurado foi que un traballo desta profundidade optase pola súa proximidade e lexibilidade, algo coidado por García Soto. “Si, é un traballo feito a conciencia, despois de varias versións, para que todo tipo de público entre nel. Teño outros textos máis académicos, pero este quería que puidese ser lido por toda clase de lectores aos que lles interese o tema da saudade”.

O Premio Carvalho Calero está dotado con 3.700 euros e a publicación do traballo gañador na editorial Laiovento. n